

**FACULTADE DE CIENCIAS DA EDEUCACIÓN
MESTRADO UNIVERSITARIO EN PSICOPEDAGOXÍA**

ENTREGA, DEFENSA E AVALIACIÓN DO T.F.M.

Lugar: Entregarase na secretaría administrativa do decanato do centro

Datas: Tanto as datas de entrega como os períodos de defensa e avaliación serán fixadas cada curso pola Comisión e deberán estar publicadas no inicio do segundo cuadrimestre.

Requisito indispensable: Visto bo do titor/a a través da secretaría virtual.

Nº de exemplares: Tres exemplares en formato papel e unha copia exacta en formato PDF e soporte electrónico. Na superficie debe figurar o título do mestrado, curso académico, nome do autor/a e nome do titor/a. Esta copia xunto cunha copia en papel, será remitida pola secretaría á biblioteca do centro e poderá ser incorporada ao Repositorio Institucional da UCC, cando o alumno e titor o autoricen previamente. Nese caso quedará rexistrada como unha publicación en formato electrónico, salvagardándose os dereitos de propiedade intelectual do autor/a.

5. EXPOSICIÓN E DEFENSA

Requisito: Ter aprobadas todas as materias do mestrado.

Oportunidades: Tal como fixa a normativa da Universidade de A Coruña existirán dúas oportunidades en cada convocatoria, que se realizarán nos meses de xuño e setembro.

A exposición e defensa:

A exposición será pública. O alumno/a dispoñerá de quince minutos para expoñer o traballo e poderá empregar os medios de apoio audiovisuais ou doutro tipo pertinentes.

Tras a exposición os membros das comisións avaliadoras poden formular as preguntas ou solicitar as aclaracións que consideren oportunas. O presidente/a da Comisión pode establecer os tempos máximos de intervención do alumno/a ou dos membros da comisión avaliadora.

Comisións avaliadoras: Estarán integrada preferentemente por profesorado do mestrado. Cada comisión estará formada por tres membros titulares: Presidente/a, secretario/a, vogal e dous suplentes. As comisións nomearanse para todo o curso, podendo alternarse titulares e suplentes nas distintas oportunitades.

6. AVALIACIÓN

6.1.Criterios: A Comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios:

- Profundidade e dominio dos temas e contidos que se desenvolven
- Grao de orixinalidade e aportacións ao coñecemento psicopedagóxico.
- Metodoloxía, estrutura e organización apropiadas
- Uso de bibliografía axeitada, suficiente e actualizada.
- Corrección formal na presentación escrita e redacción
- Claridade expositiva e expresiva na defensa oral.

6.2.Cualificación: Outorgarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal:

- 0-4,9: Suspenso;
- 5,0-6,9: Aprobado;
- 7,0-8,9: Notable;
- 9,0-10 Sobresáinte.

6.3. Actas: O secretario/a da Comisión de Avaliación introducirá a cualificación de cada alumno/a na acta electrónica da aplicación informática da UDC, tal e como esta determine. Trasladará á Coordinación do Mestrado as actas de avaliación debidamente cumplimentadas.

6.4. Reclamacións e revisión das cualificacións: o alumno/a que non esté conforme coa avaliación recibida pode solicitar revisión da mesma seguindo os períodos e criterios establecidos na normativa da UDC.